



**CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA**  
**AXENCIA TRIBUTARIA**

## **MESA DE SAÚDE LABORAL**

Na reunión de hoxe da Comisión Permanente da Mesa de Saúde Laboral tratamos os seguintes asuntos:

### -Resolución do Director da AEAT sobre o plan de actuacións da pandemia de gripe polo virus H1N1

Coméntanos a Administración que van colgar na Intranet unha resolución cas instrucións sobre o protocolo de actuación. Tamén porán en funcionamento un buzón con consultas sobre a Gripe A. Esta idea utilizarase tamén para poñer en marcha un buzón sobre Prevención de Riscos.

Tamen sinalar que, ata agora, Presidencia non se pronunciou sobre o protocolo de actuación sobre as mulleres embarazadas, aínda que na AEAT facilitarase que todas as embarazadas que están a desenvolver traballos ao público poidan facer outras funcións.

Respecto ao colectivo de Vixilancia Aduaneira, estase pendente da Dirección Xeral de Saúde Pública para que se pronuncie sobre a vacinación do persoal do SVA, tanto terrestre coma marítimo. No caso de que se considerara e fose precisa, daranse as instrucións oportunas ao persoal de Vixilancia Aduaneira, coas datas e procedimentos a seguir.

### -Accións formativas para o Plan de Formación de 2010

Neste apartado a AEAT entréganos unha proposta sobre as accións formativas en prevención para o 2010. Vemos con sorpresa que aínda que existen cursos en materia de Prevención de Riscos Laborais para o SVA, estes restrínxense en exclusiva para o persoal marítimo e non o de terra e, ademais, non priorizan a este colectivo para facer estes cursos.

Dende CIG exisimos prioridade máxima tanto para o personal do mar como para o persoal de terra, xa está ben das "rebaixas" en algo tan importante como é a prevención nun colectivo que é o máis castigado con accidentes laborais dentro da AEAT.

### -Procedimentos de prevención

Apróbanse varios procedimentos para poñelos en marcha canto antes e darlles a máxima difusión entre o persoal da AEAT co que solicitamos que se habilite un espazo na Intranet para que todos os empregados da AEAT teñan acceso a esta información.

**SEGUIREMOS INFORMANDO**

**12/11/09**

CIG AEAT:  
DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA  
Rúa Comandante Fontanes, 10-sot.  
Télf.: 981 61 68 89/687 82 15 44  
Fax: 981 12 72 22